As vacas e iso do cambio climático



Francisco García Álvarez
Veterinario

QUE OS EXPERTOS AFINEN OS CÁLCULOS COS SEUS SISUDOS ESTUDOS, PERO, SEN DÚBIDA, VAN CONFIRMAR A IDEA XERAL DE QUE, GRAZAS ÁS VACAS, REDUCIMOS AS EMISIÓNS DE CO_2 Á ATMOSFERA E NON AO CONTRARIO. E NISO PODEN EMPREGAR OS VINDEIROS ANOS

Dos moitos temas de debate formulados nos nosos tempos, un destacado é o que ultimamente se fixo chamar 'cambio climático'. E dicimos ultimamente porque nos anos setenta era 'medo a unha glaciación fría' e logo pasou a 'quecemento global', 'crise climática' etc., para rematar en 'cambio climático', que serve tanto para un roto coma para un descosido.

Dentro deste debate aparece un protagonista, tamén discutido, o CO_2. E asumindo a súa influencia como gas de efecto invernadoiro, malia a súa participación case testemuñal na composición da atmosfera polo menos nesta etapa histórica da vida da Terra, deberiamos centrar a nosa atención naquela parte xerada pola actividade humana, parte que, pola súa vez, é minoritaria no total de CO_2 producido. E así chegamos a fixarnos no CO_2 producido (xunto co metano, CH_4) polas nosas queridas vacas, xunto a outros ruminantes domésticos. Dos ruminantes salvaxes, que son unha cantidade nada desprezable, non podemos dicir nada, non sexa que sexamos tachados de inimigos da natureza.

Ese papel culpable das vacas nos problemas que o clima nos poida ocasionar é aceptado sen dicir nin mu por todos os expertos, non vaia ser que sexan sinalados ante os demais se opinan algo diferente. Pero, se nos esquecemos de todo isto e usamos como ferramentas unhas básicas nocións de bioloxía, atopámonos cunha situación que non se parece en nada a esa suposta realidade.

É difícil facer un cálculo exacto das emisións dunha vaca en forma de CO_2 e CH_4, como demostra o feito de que mesmo os expertos estiveron variando os seus cálculos e dun xeito moi significativo. A isto tamén contribúe o feito de que esas cifras varían moito segundo a raza, o nivel produtivo, tipo de inxestión etc.

O CH_4 ten unha vida media de entre 12 e 14 anos, de tal xeito que desde o día en que apareceron as vacas na face da terra estiveron aumentando a súa cantidade no aire ata 12 anos despois. A partir de aí, o nivel desse gas relacionado coas vacas mantívose estable porque o producido se compensaba co destruído. Polo tanto, non imos botarlle a culpa de nada en relación coas vacas.

Recoñecendo que a exactitude das cifras é case imposible de conseguir, fagamos un exercicio de razoamento e estudemos os conceptos básicos para ver que conclusións sacamos.

Supoñamos que unha vaca emite entre CO_2 e CH_4 unhas cen unidades, das cales de CO_2 serán aproximadamente 80 (do metano esquecémonos, como vimos). Pero, ademais, a vaca elimina máis carbono noutras formas: formación dos seus propios tecidos (carne, graxa, óso, pelo…), a súa produción de leite, as feces e urina, e algunha outra cousa menor. E iso implica moito, moito, moito carbono.

Imos supoñer que lle damos un valor estimado e pouco optimista de 150 unidades, é dicir, unha vaca emite 250 U de carbono, das cales 80 son as malas malísimas do CO_2. De onde obtén a vaca esa cantidade de carbono, tendo en conta que a materia non se "crea", só se trasforma? Pois do que come. E o que come son basicamente PLANTAS (a graxa e proteína animal son unha porción mínima), e as plantas obteñen ese carbono do aire, a través da fotosíntese.

Agora tócanos facer uns cálculos, que non por aproximados deixan de ser moi instrutivos. As vacas comen plantas de dous tipos: os considerados forraxes e os que chamamos concentrados, e, no peor dos casos, pode ser ao 50 % (na gandería extensiva sería máis forraxes). Da forraxe aproveitamos sobre un 90 %, porque desaproveitamos raíces e o principio do talo. Como precisamos achegar a metade de 250 C, o cálculo é 125 x 0,9 = 139 C que temos na planta. Do concentrado supoñamos que aproveitamos o 50 % porque só usamos o gran; daquela, 125 x 0,5 = 250 C. En total, temos que para que unha vaca emita 80 U de carbono ten que comer plantas que eliminan do aire un total de 139 + 250 = 389 U.

Hai que recoñecer que os labores agrícolas realizados, sobre todo para cultivar os concentrados, tamén emiten CO_2; como hai que dar unha cantidade e para que non pareza que arrimamos a ascua á nosa sardiña, poñémoslle unhas 150 U e facemos a conta final: 389 - (150 + 80) = **159 U de carbono que eliminamos da atmosfera**, porque a vaca está onde está.

Agora, que os expertos afinen os cálculos cos seus sisudos estudos, pero, sen dúbida, van confirmar a idea xeral de que, grazas ás vacas, **reducimos as emisións de CO_2 á atmosfera**, e non ao contrario. E niso poden empregar os vindeiros anos. ■

www.aberekin.com



TROPICAL Ev et

Tennie x Roscoff x Perigne

+1,68 SM +1,97 P / +130 Long. +137 RCS +110 DA



HALIFAX Delta Dawn et

Hammerhead x Fugleman x Invictus

1045 kg L. 0,51% Gr. 0,10% Pr. / +1,57 SM +127 Long.



TIMEX PP Delta Anna et

Steady x Gladius x Gywer

1203 kg L. 0,18% Gr. 0,13% Pr. / +137 Long. +123 RCS



COPILOT Gh Xmas et

Callum x Hypnotic x Gladius

1117 kg L. 0,19% Gr. 0,20% Pr. / +1,57 SM +2,13 P



WATSON Delta Rozabel et

Wendat x Fragrant x Reloader

1263 kg L. 0,24% Gr. 0,19% Pr. / 1,15 SM +120 Long.



NEXUS Gh Yuki et

Nexo x Pinball x Rafting

1457 kg L. 0,06% Gr. 0,09% Pr. / +1,48 SM +1,88 P

ESCOLMO, S.L.

Distribuidor para Galicia y Asturias

Rua Magnolia, 80, bajo

27003 LUGO

Tfno. (+34) 982 217 633

Fax (+34) 982 213 144

e-mail: escolmo@gmail.com

aberekin

Alta Fertilidad

Genética de Confianza

INNOVACIÓN, COMPROMISO Y GARANTÍA

CORBAR
MAQUINARIA


PRECIOS SIN COMPETENCIA Y FINANCIACIÓN ESPECIAL EN PRECAMPAÑA





CARGADORAS VARIOS MODELOS

Serrat



Evolution Reversible Desplazable

Serrat LEMKEN Llorente Eurotrac MB

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L.
Polígono Industrial O Morelle, nave 4, 27614 Sarria (Lugo)
E-mail: corbar@corbarsll.com Telf. y Fax: 982 53 14 63 www.corbarsll.com

INNOVACIÓN, COMPROMISO Y GARANTÍA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

CORBAR
MAQUINARIA

PRECIOS ESPECIALES
PARA PROFESIONALES



CUALQUIER TIPO DE **RECAMBIO** AGRÍCOLA



BATERÍAS CON **3 AÑOS** DE GARANTÍA



DISPONEMOS DE TODO TIPO DE **RECAMBIOS** PARA MÁQUINAS LEMKEN



BASTIDOR DE PURÍN
ESPECIAL PARA POZOS DE ARENA



EXTENDEDOR SILO CILINDRICO VIMIANZO



NIVELADORA AVÍCOLA
DE 3 PUNTOS




COCUMA
2.80 m HIDRÁULICA



RODILLO COMPACTADOR DE SILO



CAZO BARREDOR
DISTINTOS ANCHOS 1.40, 1.80, 2.20 y 240 m



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 1.7 m³ Y 2.1 m³

VEN A VISITARNOS

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L.

Poligono Industrial
O Morelle, nave 4
27614 Sarria, Lugo

E-mail: corbar@corbarsll.com
Telf. y Fax: 982 53 14 63
www.corbarsll.com